

SÁBADO 10 DE FEBREIRO.

En relación coa celebración do Entroido de Fisterra 2024, “O Entroido máis tradicional da Costa da Morte”, establécense as seguintes bases:

-O prazo de inscrición das comparsas participantes (16 ou máis membros), estará aberto dende as 09:00 horas do 15 de xaneiro ata as 14:00 horas do xoves 1 de febreiro.

A inscrición, terá lugar no Rexistro Xeral das Oficinas municipais, os participantes entregarán debidamente cuberto o modelo de solicitude de participación o cal o recollerán no Departamento de Cultura ou o poden solicitar no correo culturafisterra@hotmail.com.

Na solicitude constará; nome e enderezo do seu representante maior de idade, xunto co C.I.F e número de conta bancaria no que ingresar o posible premio.

-A CONCENTRACIÓN DAS COMPARSAS será o sábado 10 de febreiro na praza da Constitución de Fisterra.

O desfile comezará ás 17:00 horas, dirección ao pavillón municipal.

A orde de desfile e actuación decidírase no sorteo da reunión previa a realizar, o venres 2 de febreiro, ás 17:00 horas, no Concello de Fisterra.

-O xurado, no que actuará como secretario o Concelleiro de Cultura do Concello de Fisterra, Francisco Traba Martínez, acompañará ao xurado durante todo o desfile e estará presente no concurso cos mesmos durante a deliberación.

Estará formado por persoas relacionada coa historia do Entroido de Fisterra, medios de información e persoas relacionadas co mundo da costura, estética...

-Os criterios de avaliación son os seguintes:

(Sobre unha puntuación máxima de 11 puntos)

*Participación e animosidade no desfile.(2 puntos)

*Calidade e caracterización dos disfraces.(4 puntos)

(confección, maquillaxe, accesorios)

*Actuación, parodia e posta en escea.(5 puntos)

-A actuación contará cun tempo máximo de 30 minutos. No caso de sobrepasar o tempo, o xurado penalizará a comparsa que non cumpla as bases.

-Establécense os seguintes premios:

1º Premio.- 1,700,00 €+trofeo

2º Premio-1.400,00 €+trofeo

3º Premio-1.200,00 €+trofeo

- As entidades, asociación sen ánimo de lucro, aplicaráselle unha retención do 19%, correspondente ao IRPF para cumprir coas obrigas da AEAT.

Accésit de 350 € para as comparsas que non consigan ningún premio.

-Os concursantes, polo propio feito da súa participación, aceptan en todos os seus termos, as presentes bases.

Fisterra,15 de xaneiro de 2024.

A ALCALDESA

Áurea Domínguez Sisto.

